

Asistentes:

Equipo decanal

Alonso Bacigalupe, Luis
Anaya Revuelta, Inmaculada
Cruces Colado, Susana
Del Pozo Triviño, Maribel
Figueroa Dorrego, Jorge
González Álvarez, M^a Dolores

Sector (A) Profesorado

Álvarez Lugris, Alberto
Báez Montero, Inmaculada C.
Baltrusch, Burghard
Becerra Suárez, M^a Carmen
Bringas López, Ana
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Corvo Sánchez, M^a. José
Cuevas Alonso, Miguel
Dasilva Fernández, Xosé Manuel
Domínguez Castro, Luís
Fariña Busto, M^a Jesús
Fernández Álvarez, M. Santiago
Fernández Rodríguez, Áurea
Fernández Salgado, Xosé A.
García-Miguel Gallego, José M^a.
Gómez Clemente, Xosé M^a
Ledo Lemos, Francisco José
Lorenzo García, M^a Lourdes
Luna Alonso, Ana
Luna Sellés, Carmen
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Miquel Vergés, Joan
Montero Domínguez, Xoán
Montero Reguera, José Francisco
Pereira Rodríguez, Ana M^a
Rama Martínez, M^a Esperanza
Rifón Sánchez, Antonio
Ripoll Delebourse, Virginia
Rodríguez Barcia, Susana
Rodríguez Guerra, Alexandre
Rodríguez Rodríguez, Beatriz
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Ruzicka Kenfel, Veljka
Salceda Rodríguez, Hermes
Seoane Posse, Elena C.
Solla González, Amparo
Urdiales Shaw, Martín
Veiga Díaz, M^a Teresa
Yáñez Bouza, Nuria

Sector (B) Profesorado

Acta da Xunta de Facultade extraordinaria celebrada o día 10 de outubro de 2019 ás 12 h en convocatoria única no Salón de Actos da FFT.

Puntos da orde do día:

1. Informe do decano

Reprografía: Houbo varias xuntanzas en agosto. Fíxose todo o posible por manter o posto de traballo e o posto de servizo desta facultade xa que non estaba previsto que lle correspondese atención personalizada. Cando se resolva o proceso de contratación, haberá servizo atendido a media xornada. Cambiaron ademais as máquinas fotocopiadoras nos pavillóns B e C.

Cafetería: Mudou o servizo. Unha das antigas traballadoras colleu a contrata, aínda que a empresa se chama igual que antes.

Obras: Probablemente a que non se faga é a do decanato. Colocaranse toldos nas aulas orientadas ao sur. Obras nas ventás, mantendo o criterio pasado: as de abaixo, e as orientadas ao sur. Desta vez, corredor esquerdo, planta baixa, pavillón A.

Sitio web: Vaise mudar a requirimento da empresa que fai o mantemento. A medio prazo será máis barata a actualización.

Laboratorio Cognición e Linguas: Estase avanzando, que nos vai poñer na cabeza da investigación neste eido.

Datos de matrícula: de 220 ofrecidas están 195 prazas cubertas.

Eleccións ao decanato: O 12 de setembro pechou o proceso sen que houbera candidaturas presentadas. Levamos un ano en funcións. Houbo reunións co equipo de goberno, quen pediu que seguísemos ata febreiro porque supostamente había un proceso de acreditación para febreiro de 2020, pero é para outubro dese ano. Este equipo anunciara a súa intención de non continuar.

Noticias en prensa sobre a FFT: Non nos favorece saír na prensa, con mensaxes negativos en contra da Xunta de Facultade e do que fixo este equipo de goberno. O manifesto ao que se alude non representa o que está a facer o devandito equipo. O decano considera que é unha irresponsabilidade transmitir esta clase de mensaxes e convida as persoas que encabezan estas iniciativas, e que consideran que a Xunta de Facultade non é a asemblea lexítima da FFT, que dean un paso adiante, e que representen a Xunta de Facultade e tomen a iniciativa. Recordá de novo que levamos un

Sector (C) Alumnado

Carrillo Rodríguez, Lara

Sector (D) PAS

López González, María Rosa
Otero Rey, María Belén

Desculpas e ausencias xustificadas

Agustín Guijarro, Javier de
Alonso Alonso, Rosa
Baxter, Robert Neal
Bermúdez Montes, M^a Teresa
Bueno Alonso, Jorge Luis
Caneda Cabrera, M^a Teresa
Chas Aguión, Antonio
Díaz Fouces, Óscar
Galanes Santos, Iolanda
Gómez Martínez, Alejandro
Martín Lucas, Belén
Pérez Álvarez, Raúl Manuel
Pérez Guerra, Javier
Quilis Sanz, M^a José
Ramallo Fernández, Fernando
Seijas Montero, María
Sánchez Trigo, M^a Elena
Soto Andión, Xosé
Suárez Briones, Beatriz
Valado Fernández, Liliana

Ausencias sen xustificar

Abalo Dieste, Laura
Álvarez Suárez, Vera
Amosa Mendoza, Esther
Andrés Iglesias, Jesús
Angueira Viturro, Anxo
Arias Freixedo, Xosé Bieito
Bello Davila, Cristina
Buceta Bugallo, Fuensanta
Candelas Colodrón, Manuel A.
Costas González, Xosé Henrique
Cortés Gabaudán, Helena
Diz Ferreira, Jorge
Fernández Berciano, Enya
Fernández Ocampo, Anxo
Fernández Pena, Yolanda
Ferreiro Vázquez, Óscar
Gamallo Valladares, Andrea
García González, Marta
García Fonte, Nuria
Garrido Rodríguez, Carlos
Gil Vicente, Alba
Gómez Guinovart, Fco. Xavier
González López, Sixto
González Maestro, Jesús
Iglesias van der Woude, Miguel
Llantada Díaz, M^a Francisca
Marcos Vázquez, Juan Antonio
Martínez Ínsua, Ana Elina

ano en funcións. Se o luns 13 de outubro non hai manifestación de candidaturas para o decanato, instarase ao reitor a que comisione unha persoa para facerse cargo do mesmo.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Xosé María Gómez: Non é un ataque ao equipo de goberno, nin persoal, nin un ataque de lexitimidade. Hai outro foros que non son a Xunta de Facultade. A Plataforma pola Defensa das Humanidades é un foro para falar. Quere que conste en acta que “Sinte que Luis o tome tan mal”

O decano considera que se puxo unha trampa porque houbo un acto sobre medio ambiente, non a ler un chamamento pola Defensa das Humanidades e que non son as formas debidas.

Burghard Baltrusch: Sempre se expresou en termos de lealdade. Cre que se comete unha confusión. Leuse o manifesto cando o acto sobre medio ambiente estaba rematado. A asemblea era aberta. Hai varios manifestos en defensa das humanidades. Hai un grupo de alumnado e profesorado que pensan que as humanidades es están en crise, e non hai investigadores en formación que poidan coller o relevo, non da tempo. Considera que o máis sensato é que o decanato convocase unha Xunta de Facultade sobre este punto, para debater a situación das humanidades na FFT. Desde principio o GCLEL foi obstaculizado. A titulación xa posúe singularidade. Esta Xunta de Facultade nunca foi quen de pedir a activación de todos os módulos, o que cualifica de erro histórico.

O decano responde que hai mecanismos legais para solicitar esta Xunta de Facultade que pide o Burghard Baltrusch. Pregunta se pensa que de verdade van activar 63 materias para algo máis de 20 alumnos.

Joaquín Sueiro: como asinante do manifesto, nunca pensou en atacar ao equipo decanal, senón que o considerou a plataforma como foro de debate e mesmo para ver se se podía chegar a unha candidatura. Sorprendeulle gratamente a presenza do reitor, quen agradeceu o labor do equipo decanal. Pareceulle ben a asemblea, porque estamos nunha universidade apática, na que se debate pouco. O reitor cualificou de tomadura de pelo a actitude da Xunta co grao, xa que se seguiron as instrucións que nos indicaran. Conseguiu que mentres non houbera grao alternativo, mantíñase o GCLEL.

Miguel Cuevas. Manifesta o seu asombro polo manifesto. O que se pide neste é o contrario do que decidiu a Xunta de Facultade. Sorprende que se fale de erro histórico porque cando se cambiou o grao de Galego e Español, foi por iniciativa propia, despois dunha reunión co reitor. Con iso bloqueouse a singularidade do grao. Cando no se lle concedeu a singularidade nin as persoas da FFT que formaban parte do claustro nin as do equipo de goberno na reitoría fixeron nada. E non se avisou á FFT. Hai que buscar a forma de falar na Xunta de Facultade.

Montero Küpper, Silvia
Navaza Blanco, Gonzalo Nogueiras
Justo, Francisco Manuel
Parada Diéguez, Arturo
Peres Rodríguez, José Henrique
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Ribao Pereira, Montserrat
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo
Santos García, Mercedes
Souto Rodal, Tania
Sueiro Justel, Joaquín
Torres Sotelo, Laura
Veiga López, Daniel
Yuste Frías, José

José Montero: Todo parece un *déjà vu*. Coñecemos como foi o proceso para chegar ao GCLEL, que se aprobou por un voto de calidade. Toda a Facultade está en dificultades. O problema do envellecemento é de toda a universidade española. Hai que ver como resolver o futuro. A apatía e dalgunhas persoas, non desta Facultade.

Xosé María Gómez: Reitera o afirmado antes. Ninguén cuestionou o órgano colexiado. Tiña un cargo de responsabilidade, pero no dependía del, senón da vicerreitora de organización académica e profesorado. Aprobouse un título na Xunta de Facultade. Fomos inocentes pensando que se ían implantar 9 módulos optativos.

Joaquín Sueiro: A votación na que se aprobou por maioría o novo grao agora rexeitado, foi porque nos víamos condicionados polas peticións da reitoría e da Xunta de Galicia. Hai que esperar polo informe desta.

Luis Alonso: A Xunta de Facultade está perfectamente unida, as votacións saen por ampla maioría, pero hai un grupo que non está unido, que representa en boa medida o equipo de goberno anterior da FFT. De nove módulos están implantadas un 60% de materias. Non se pode afirmar como se fai que se cercena a posibilidade de diálogo na Xunta de Facultade, por iso non entende que se precise dunha asemblea paralela.

Susana Rodríguez: Cando pide persoas para o labor de captación, xusto non son en todos os casos as que asinan o manifesto. A sensación é de que a asemblea traballa en paralelo por ineficacia ou inacción do órgano colexiado. Por que non se dan as solucións dunha forma activa? Por que non hai unha candidatura real para encabezar ese cambio. Todas asumimos a base da defensa da humanidades. A difusión na sociedade ten que ser en positivo, non en negativo. Non se trata de disfrazar ou camuflar, senón de dar imaxe en positivo.

Xosé María Gómez: A mensaxe negativa que se está dando parte dunha situación negativa a causa desde norma política. Ninguén cuestionou o traballo feito. Fixemos o cambio porque fomos mandados. A idea de recuar, é da propia Xunta de Galicia. Entón entendemos que é volver ao título innovador como o do de GCLEL.

Carmen Becerra: Súmase ao que acaba de indicar Susana Rodríguez. A asemblea tiña un obxectivo, e logo tivo outro. Foi un erro e deberían asumilo. A actuación do reitor foi pouco acertada. Tiña que traerse ás institucións. As cuestións deféndense desde este foro. Se alguén ten unha idea, ponse á fronte e defénda.

Joaquín Sueiro: Non ven contradicións en que se traten en asemblea e logo en Xunta de Facultade.

Miguel Cuevas: A política da reitoría e en prol das humanidades.

Susana Rodríguez: Dá a impresión de que se convoca a asemblea porque parece que na Xunta de Facultade non se tratan os problemas

2. Aprobación, se procede, do calendario de exames

Apróbase por asentimento

3. Aprobación, se procede, das guías docentes do máster interuniversitario en “Estudios ingleses avanzados”

Quedaron pendentos porque houbo cambios en dúas materias, e preferiuse deixar para despois de xullo.

Apróbanse por asentimento

4. Cambio de coordinador do mestrado MILA:

A coordinadora ata o momento, Concha Báez indica que deixa a coordinación do máster e que será substituída por Fernando Ramallo. Apróbase por asentimento

5.

6. Rolda de intervencións

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13.53 h.

Vigo, 10 de outubro de 2019

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

Susana Cruces Colado
segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do
Regulamento Interno da FFT, 67 dos *Estatutos da Universidade de Vigo* e 26.3 e 27 da *Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día de de 2019.

A Secretaria da Facultade

M^a Susana Cruces Colado